

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 10 de abril de 2015

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dez de abril de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e a interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(420).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(421).- BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS CON CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA-CURSO 2015-2016.EXPTE. 105198/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 30/03/15 e 08/04/15, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 30/03/15, da diplomada en traballos sociais, conformado polo xefe de área de Benestar Social, pola concelleira de Política de Benestar e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que a concesión polo Concello de Vigo destas axudas abeirase na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte e cinco anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as en Vigo e pertencentes a unidades familiares sen recursos económicos suficientes.

Por todo isto, entendemos necesario convocar a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subven-

cións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

«ACORDO:

1º.- Aprobar as bases e convocatoria das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria para o curso 2015-2016.

2º.- Comprometer o gasto de 119.000,00€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4810000 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616.

3º.- Comprometer o gasto de 1.081.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4810000 para axudas municipais escolares de comedor curso 2015-2016. Desta cantidade, 366.780,80 € imputaránse ó exercicio de 2015 e o resto, 714.219,20 €, con cargo ó exercicio de 2016. A contía do ano 2016 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. Ambas dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2015-2016.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2015-2016.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e que teñan dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral. .

A finalidade última das subvencións é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas subvencionables

Os programas subvencionables serán:

- 1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chandal, material informático e material funxible)*
- 2. Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos centros de servizos sociais municipais e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org. Anunciarase, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia as bases, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterado por medio de anuncio na prensa local.

O prazo de presentación de solicitudes será do 17 de abril ó 11 de maio 2015, ámbolos dous incluídos.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nos centros de servizos sociais municipais, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante (ordenado numéricamente)/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda).

CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de persoas beneficiarias, agrupados nas modalidades A e B que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria, reunindo os requisitos establecidos na base sexta.

Modalidade B.- Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da convocatoria e resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional a partir do 1 de outubro de 2015, debidamente xustificadas polos técnicos do Departamento de Benestar social. A Comisión de Valoración proporá a súa concesión á Xunta de Goberno Local sempre e cando cumpran cos requisitos esixidos, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. De non existir tal dispoñibilidade, as solicitudes aprobadas nesta Modalidade B pasarían a integrar a lista de agarda única existente, en función da renda per cápita obtida froito da convocatoria ordinaria.

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as, no curso 2015-2016, en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria (1º a 6º) 6 a 12 anos
- Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) 12 a 16 anos

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o Concello de Vigo a través de FOANPAS, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco non poderán acceder ás axudas de libros, material escolar e comedor os/as alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revogada.

SEXTA.- Requisitos xerais

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:

- a) A unidade familiar de convivencia deberá estar empadroadada no mesmo enderezo e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).*
- b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.*
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.*
- f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.792,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.792,56 €/anuais).*

Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de 500€/mes, dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2015.

- g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.*

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- a) *A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- b) *Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- c) *A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- d) *A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Solicitud e documentación

Os/as solicitantes, independentemente de que obtivesen ou non axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, para o que subscribirán un impreso normalizado de solicitud, asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos e acompañado da seguinte documentación:

- a) *Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos.*
- b) *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.*
- c) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten libros e material escolar, achegarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2015-16 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.*
- d) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, achegarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2015-2016.*
- e) *Fotocopia da certificación do grao de discapacidade no caso de que algún membro da familia estea afectado/a por ela.*
- f) *Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (só no caso de que non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutros organismos públicos e privados, incluída a AEAT, a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes).*
- g) *Certificado actual de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos.*

h) *De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia.*

No caso de traballadores autónomos achegarse a declaración de IVE do último trimestre.

i) *De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas.*

j) *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar de educación infantil (2ª etapa), no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*

k) *De ser o caso, contrato de aluguer (xustificante do pagamento mensual actualizado). Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, poderá acreditarse mediante xustificantes das transferencias bancarias de aluguer dos dous meses anteriores á convocatoria, onde conste o enderezo da vivenda alugada e o nome e apelidos do arrendatario ou dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensualidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura).*

l) *De ser o caso, documentación xustificativa dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual na que conste concepto, mensualidade, importe e identificación da vivenda hipotecada.*

m) *Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.*

OITAVA.- Presentación de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 71.1 LRX-PAC), coa advertencia de que, de non facelo así, teráse por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 42 LRX-PAC.

DECIMA.- Criterios de valoración

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar de convivencia do ano 2014.

No caso de acreditar un deterioro da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na base sexta, letra f), a renda per cápita considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2015.

Por cada membro da unidade familiar de convivencia cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65% computarase 1 membro mais, ata un máximo de 3 membros.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que actuará como presidenta; o xefe de Área de Benestar social, a xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

Rematada a instrucción do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base décimo primeira.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, renda per cápita, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- *Concedidas: reseñarse a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.*
- *Denegadas: faranse constar algúns dos seguintes motivos de denegación:*
 - *A solicitude foi presentada fóra de prazo.*
 - *Non achegan a documentación requirida.*
 - *Non estar empadroados/as.*
 - *Matriculado nun centro privado sen concerto.*
 - *Supera os ingresos.*

- O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a.
 - Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.
 - Libros: o curso que se solicita non é subvencionado nesta convocatoria.
- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita, de menor a maior.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da instructora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4810000 ("Becas libros, material escolar e comedor") do orzamento de Benestar social do Concello.

Logo da aprobación definitiva das subvencións, notificarase ós interesados e publicarase na páxina web do concello e nos centros de servizos sociais municipais a lista de beneficiarios/as, co seu estado de concedido, denegado ou lista de agarda.

De producirse baixas entre os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar (ata 15 de decembro) e comedor (durante o curso escolar), estas serán cubertas por outros/as alumnos/as da lista de agarda , sempre que exista crédito.

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación

1.- Contía para libros e material escolar

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 85,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tra-la presentación de facturas orixinais. Ditos cheques entregaranse no Departamento de Benestar social do Concello de Vigo ata o 30 de novembro de 2015.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda aboaráselle, coa autorización por escrito do beneficiario, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe e concepto.

2.- Contía para comedor

O prezo da praza de comedor será comunicado polo centro escolar ó Departamento de Benestar social do Concello, unha vez deducidas as subvencións recibidas ou pendentes de recibir para a mesma finalidade.

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 41€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 28,70€/alumno/a (70%), por ter menos días lectivos.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

3.- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguemento

As axudas concédense ás familias e pagaránse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar mensualmente as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-decembro), ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuatrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaranse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.*

- *Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a trasladárase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.*
- *Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).*

O Departamento de Benestar Social, comprométese a enviar a cada centro escolar a mes vencido, os listados actualizados dos/as alumnos/as subvencionados/as de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houber.

As direccións dos centros emitirán dúas certificacións ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor. A primeira certificación xustificará os fondos das axudas de comedor do primeiro cuatrimestre do curso (setembro-décembro), achegando os listados de sinaturas dos pais, nais e/ou titores.

A segunda certificación emitirase á finalización do curso, achegando os listados de sinaturas do período xaneiro-xuño.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación das reclamacións non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento de reclamación notificaráselle ós interesados conforme ó previsto nos Arts. 58 e ccdtes. da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as dictou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos, que regula o dereito de información na recollida de datos, infórmase aos interesados que os datos persoais solicitados neste formulario son incorporados e tratados nun ficheiro automatizado de nome "Expedientes", cuxa finalidade é a xestión dos procedementos administrativos do Concello de Vigo.

Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á oficina de Información/Rexistro do Concello de Vigo, onde lle indicarán o procedemento a seguir.

- *Comunicar ó Departamento de Benestar social ou ó centro educativo as baixas.*
- *O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que crea oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*
- *O pai, nai ou titor están obrigados a asinar os listados da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.*
- *O aboamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza -de existir- entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia sen causa xustificada dun/ha alumno/a, por un período continuado de catro días ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse coa suspensión temporal ou definitiva para o curso.

A suspensión comezará sempre o primeiro día do mes e, de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.”

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos, que regula o dereito de información na recollida de datos, infórmase aos interesados de que os datos persoais solicitados neste formulario son incorporados e tratados nun ficheiro automatizado de nome "Expedientes", cuxa finalidade é a xestión dos procedementos administrativos do Concello de Vigo.
Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á oficina de Información/Rexistro do

Número:.....



C.I.F. P3605700H
Praza do Rei, 1-36202
Tel. 986 810 100

IMPRESO DE SOLICITUDE

Expediente	PMH	UTS
301-		

**AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES
CURSO 2015-2016**

**CONCELLERÍA
POLÍTICA DE BENESTAR**

Selo rexistro

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Apelidos Nome (pai, nai, titor ou persoa responsable coa que convive o/a alumno/a				* Teléfono móbil		Teléfono	
	ENDEREZO FISCAL								
	* Nome da rúa, praza, etc			* Número	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	* Municipio	* Data nacemento		Correo electrónico		País de nacemento			

ALUMNO/AS PARA OS/AS QUE SE SOLICITA:

1.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2015-2016			<input type="checkbox"/> LIBROS	<input type="checkbox"/> COMEDOR

2.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2015-2016			<input type="checkbox"/> LIBROS	<input type="checkbox"/> COMEDOR

3.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2015-2016			<input type="checkbox"/> LIBROS	<input type="checkbox"/> COMEDOR

4.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2015-2016			<input type="checkbox"/> LIBROS	<input type="checkbox"/> COMEDOR

5.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2015-2016			<input type="checkbox"/> LIBROS	<input type="checkbox"/> COMEDOR

* Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS					
Non incluír ós/ás nenos/as para os/as que se solicita a axuda					
Apelidos	Nome	Data de nacemento	Parentesco co solicitante	Concepto ingresos (traballo, pensión Rísiga, desemprego)	Sinatura 1*
Solicitante			Solicitante		

(1*) As persoas asinantes no apartado anterior **autorizan** ao Concello de Vigo (Departamento de Benestar Social) a solicitar ás administracións públicas os documentos e certificados necesarios para a tramitación desta solicitude segundo o previsto na base sétima.

Nº de membros da unidade familiar de convivencia que teñen recoñecido un grao de minusvalía igual o superior ao 65% <input type="text"/>	
¿Realiza vostede a declaración do IRPF ?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
¿Solicitou algunha axuda de libros para o curso 2015-2016 doutras administracións?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

SITUACIÓN DA VIVENDA		
Aluguer <input type="checkbox"/>	Enderezo:	Importe mensual:
Hipoteca <input type="checkbox"/>	Enderezo:	Importe mensual:
Outra <input type="checkbox"/>	Enderezo:	Importe mensual:

É vostede ou algún dos membros da unidade familiar de convivencia propietario doutro/s ben/s inmobles distinto/s da vivenda habitual ?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org . Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:	<input type="checkbox"/> Mensaxe (SMS) ao móbil
	<input type="checkbox"/> Correo electrónico.

O/A solicitante declara non estar incurso nas prohibicións que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo) (Art. 31.7.e da Lei 9/2007).

Vigo, de de 2015

Sinatura do solicitante:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

CONVOCATORIA 2015/2016

Os/as solicitantes, independentemente de que obtivesen ou non axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, para o que subscribirán un impreso normalizado de solicitude, asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos e acompañado da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos.
- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten libros e material escolar, achegarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.
- Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, achegarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interese no servizo de comedor para o curso.
- Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior ao 65% no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia estea afectado/a por ela.
- Declaración de IRPF do último exercicio de tódolos membros da unidade familiar de convivencia (só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT).
- Certificado actualizado de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos.
- De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, Risga ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir. Os traballadores autónomos achegarán a declaración de IVE do último trimestre.
- De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas.
- No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar, no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.
- De ser o caso, contrato de aluguer** (xustificante do pagamento mensual actualizado). Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito ,poderá acreditarse a relación arrendaticia mediante:
 - Xustificantes das transferencias bancarias de aluguer, dos dous meses anteriores á convocatoria, onde consten o enderezo da vivenda alugada e o nome e apelidos do/a arrendatario/a
 - Recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, dos dous meses anteriores á convocatoria, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura).
- De ser o caso, documentación xustificativa dos gastos realizados en concepto de amortización de **hipoteca da vivenda habitual** no que conste: titularidade da hipoteca, concepto(trastero, piso, praza de garaxe) importe da mensuralidade e enderezo da vivenda hipotecada.
- Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

3(422).- PROPOSTA DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS EN SAMIL. EXPTE. 19749/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 01/04/15, do xefe do servizo de Patrimonio conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"Primeiro.- O Concello de Vigo é dono en pleno dominio das seguintes fincas sitas na praia de Samil deste termo municipal de Vigo, que describense do seguinte xeito:

A) URBANA: Terreo sito no termo municipal de Vigo, na praia de Samil, parroquia de San Paio de Navia, dunha superficie de cento dous mil douscentos sete metros cadrados (102.207 m2) e os seguintes lindeiros:

N – Ayuntamiento de Vigo, parcela municipal nº 486 del inventario.

S – Ayuntamiento de Vigo, parcela municipal nº 107 del inventario. Concesión de la Xunta de Obras del Puerto de Vigo.

E – Carretera de Vigo a Ramallosa, hoy Avda. de Samil.

O – Playa de Samil, coincidente con la línea L.D.M.T.

Inscrita no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, no tomo 1034, libro 337, folio 148, finca nº 25.266/Bis, inscripción 1ª.

TITULO: Adquirida por doación do Estado Español en data 17 de xullo de 1976, mediante escritura publica autorizada polo Notario D. Alberto Casal Rivas co nº 2664 da orde do seu protocolo.

*REFERENCIA CATASTRAL: 8638501NG1783N
8640801NG1783N
8737102NG1783N0001RG
8632801NG1783N
54057A08509111 parcial*

B) URBANA: Terreo situado no termo municipal de Vigo, na praia de Samil, parroquia de San Paio de Navia, dunha superficie de seiscentos sesenta e cinco metros cadrados (665m2) e os seguintes lindeiros:

N – Ayuntamiento de Vigo, parcela registral 25.266/Bis, descrita anteriormente

S – Ayuntamiento de Vigo, parcela registral 25.266/Bis, descrita anteriormente

E – Ayuntamiento de Vigo, parcela registral 25.266/Bis, descrita anteriormente

O – Paseo-acera existente, parcela registral 25.266/Bis, descrita anteriormente

Inscrita no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, no tomo 1039, libro 340, folio 88, finca nº 25.429 /Bis, inscripción 1ª.

Sobre dita parcela existe un edificio destinado a cafetería e restaurante, que consta de sótano, baixo e baixo cuberta, dunha superficie construída de 464,76 m² en planta sótano; 464,76 m² en planta baixa e 84,70 m² en planta baixo cuberta (segundo informe do Topógrafo municipal de data 23/03/2015).

TITULO: Adquirida por permuta co Estado Español en data 17 de xullo de 1976, formalizada en escritura publica autorizada polo Notario D. Cesareo Vazquez Ulloa co nº 3867 da orde do seu protocolo.

REFERENCIA CATASTRAL: 8737103NG1783N0001DG

Segundo.- Polo Topografo municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo, emitese informe en data 23 de marzo do 2015 no que sinala que con motivo da nova concesión a efectuar sobre a parcela de Samil, correspondente á finca rexistral nº 25.429 /Bis, na que vese incrementada a súa superficie exterior en 809 m2, faixe necesario a previa segregación e posterior agrupación de fincas para axustala á nova concesión demanial.

I.- SEGREGACIÓN:

A segregación dos 809 m2 levarase a cabo sobre a parcela rexistral nº25.266/Bis, tendo forma de U, acostada con su apertura na dirección oeste, e describese do seguinte xeito:

Parcela a segregar de 809 m² na finca rexistral nº25.266/Bis

Propietario: Ayuntamiento de Vigo

Situación: "Dunas del Estado" - Avda. de Samil – Vigo

Ref. catastral: 8737103NG1783 N

Superficie: 809 m²

Linderos:

N – finca matriz; Línea de 32,83 ml, y parcela registral 25.429/Bis, línea de 22,95ml.

S – finca matriz; Línea de 32,63 ml, y parcela registral 25.429/Bis, línea quebrada de 19,75/4,85 ml.

E –finca matriz; Línea de 18,80/11,02/9,88 y 11,16 ml.

O – finca matriz,paseo existente; Línea de 5,38 y 2,75ml, y parcela registral 25.429/Bis

II.- AGRUPACIÓN:

A parcela segregada, agrupase a finca rexistral nº 25.429 /Bis, resultando unha nova finca de 1.474 m2 de superficie e a seguinte descripción:

Agrupacion de fincas-Parcela NUEVA

Propietario: Ayuntamiento de Vigo

Situación: "Dunas del Estado" - Avda. de Samil nº 30 – Vigo

Ref. catastral: 8737103NG17830001DG

Superficie: 1.474 m² (edificación 464,76 m² en planta)

Linderos: N – Ayuntamiento de Vigo – parcela registral 25.266/Bis, Línea de 32,83 ml

S – Ayuntamiento de Vigo – parcela registral 25.266/Bis, Línea de 32,63 ml

E – Ayuntamiento de Vigo – parcela registral 25.266/Bis, Línea de 49,93 ml

O – Paseo-acera – parcela registral 25.266/Bis, Línea de 38,91 ml

Esta parcela disporá do seu acceso dende a zona de aparcamento existente, sito na zona sur-este.

A parcela está definida polas coordenadas UTM (HUSO 29) ETRS89, dos seus vértices:

A – 518.561,83 4.673.364,01

B – 518.594,47 4.673.366,90

C – 518.593,53 4.673.355,80

D – 518.591,04 4.673.336,14
E – 518.586,15 4.673.318,09
F – 518.554,37 4.673.325,50

Achegase plano de situación e deslinde, escalas 1:2000 e 1:250 do departamento de Cartografía de dita parcela.

III.- Trala segregación practicada, a finca matriz resultante nº 25.266 Bis queda coa seguinte descripción:

Parcela rexistral nº25.266/Bis – NOVA

Propietario: Concello de Vigo

Situación: "Dunas del Estado" - Avda. de Samil – Vigo

Ref. catastral: 8638501NG1783N

8640801NG1783N

8737102NG1783N0001RG

8632801NG1783N

54057A08509111 parcial

Superficie: 101.398 m²

Linderos: N – Ayuntamiento de Vigo – parcela municipal nº 486 Inventario

S – Ayuntamiento de Vigo – parcela municipal nº 107 Inventario

E – Avda de Samil

O – Playa de Samil – coincidente con la L.D.M.T.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMERO.- A actual Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLRRL ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptibles de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

SEGUNDO.- Así mesmo, dispón que a inscrición no rexistro da propiedade practícase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste senso, preve a LPAP que as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practícase mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

TERCEIRO.- Conseqüentemente, procede levar a cabo as operacións de segregación e agrupación anteriormente expostas sobre as fincas municipais reseñadas, a fin de axustar a súa delimitación e superficie á resultante da concesión administrativa que lles afecta, debéndose dar traslado ó Rexistro da Propiedade para súa inscrición e, así mesmo actualizar o Inventario municipal de Bens e Dereitos (propiedade nº 393) dacordo coas actuacións acordadas.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Segregar da finca rexistral nº25.266/Bis, dacordo co informe do topógrafo municipal de 23/03/2015 e plano anexo, a seguinte finca dunha superficie de 809 m2:

Propietario: Concello de Vigo

Situación: "Dunas del Estado" - Avda. de Samil – Vigo

Ref. catastral: 8737103NG1783 N

Superficie: 809 m²

Lindeiros: N – finca matriz; Línea de 32,83 ml, e parcela rexistral 25.429/Bis, línea de 22,95ml.
S – finca matriz; Línea de 32,63 ml, e parcela rexistral 25.429/Bis, línea quebrada de 19,75/4,85 ml.
E – finca matriz; Línea de 18,80/11, 02/9,88 e 11,16 ml.
O – finca matriz, paseo existente; Línea de 5,38 e 2,75ml, e parcela rexistral 25.429/Bis

2º.- Agrupar a parcela segregada á finca rexistral nº 25.429 Bis, dacordo co informe do topógrafo municipal de 23/03/2015 e plano anexo, resultando a seguinte finca:

Propietario: Concello de Vigo

Situación: "Dunas del Estado" - Avda. de Samil nº 30 – Vigo

Ref. catastral: 8737103NG17830001DG

Superficie: 1.474 m² (edificación 464,76 m² en planta)

Lindeiros: N – Concello de Vigo – parcela rexistral 25.266/Bis, Línea de 32,83 ml
S – Concello de Vigo – parcela rexistral 25.266/Bis, Línea de 32,63 ml
E – Concello de Vigo – parcela rexistral 25.266/Bis, Línea de 49,93 ml
O – Paseo-beirarrúa – parcela rexistral 25.266/Bis, Línea de 38,91 ml

Esta parcela disporá do seu acceso dende a zona de aparcamento existente, sito na zona sur-este.

A parcela está definida polas coordenadas UTM (HUSO 29) ETRS89, dos seus vértices:

A – 518.561,83	4.673.364,01
B – 518.594,47	4.673.366,90
C – 518.593,53	4.673.355,80
D – 518.591,04	4.673.336,14
E – 518.586,15	4.673.318,09
F – 518.554,374.673.325,50	

3º.- Trala segregación acordada no punto primeiro anterior, a finca matriz resultante descríbese do seguinte xeito:

Parcela rexistral nº25.266/Bis

Propietario: Concello de Vigo

Situación: "Dunas del Estado" - Avda. de Samil – Vigo

Ref. catastral: 8638501NG1783N

8640801NG1783N

8737102NG1783N0001RG

8632801NG1783N

54057A08509111 parcial

Superficie: 101.398 m²

Lindeiros: N – Concello de Vigo – parcela municipal nº 486 Inventario
S – Concello de Vigo – parcela municipal nº 107 Inventario
E – Avda de Samil
O – Praia de Samil – coincidente coa L.D.M.T.

4º.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade interesando a inscrición das segregación e agrupación acordadas."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(423).- RECEPCIÓN DE CONFORMIDADE DOS TRABALLOS REALIZADOS NO PERÍODO DO 1.11.14 AO 28.08.14 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.19750/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/04/15, do secretario de Admon. Municipal que di o seguinte:

“COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZ. DO INVENTARIO MUNICIPAL. Traballos realizados no período comprendido desde 01/11/2014 ao 28/08/2015.

Recibiuse neste Concello a documentación referente á Traballos de traballos realizados no período comprendido desde 01/11/2014 ao 28/02/2015, correspondente aos seguintes Epígrafes: I (Bens Inmóbeis: Un total de 55 inmobles, con seus datos xurídicos, técnicos, planos etc.), II (Bens de Dereitos Reais: Un total de 77 unidades, de cesións de uso público (CUS), IV (Valores Mobiliarios. Un total de 25 unidades, que se corresponden co 100% dos traballos do Epígrafe, e que foron entregados o 30/01/2015.) VII (Bens Móbeis. Un total de dos bens de 15 edificacións.) e VIII (Bens Revertibles, un total de 27 unidades).

A empresa presenta coa factura, (Doc.150035171) de data 24/03/2015, unha relación detallada dos traballos que abarca dita factura.

Comprobada a documentación e o informe do xefe de cartografía e delineación de data 31 de marzo de 2015, no que se informa que dende o punto de vista técnico non hai inconveniente a que se proceda ao aboamento da factura, referente aos traballos presentados, que representan ao 26,91% do Epígrafe I; ao 3,33% do Epígrafe II; ao 2,00% do Epígrafe IV; ao 3% do Epígrafe VII , de acordo co cronograma presentados por SCI en data 30/01/2014 e 28/02/2015 referido ao período percorrido entre o 1 de novembro de 2014 e o 28 de febreiro de 2015, e que supoñen unha contía de 74.385,98 euros (90.007,03 Euros IVE incluído), o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno, competente en canto órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

Recibir de conformidade os traballos realizados no período comprendido desde 01/11/2014 ao 28/08/2015 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo efectuada pola empresa SCI S.C. INTEGRAL S.L. por importe de total de 90.007,03 euros.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(424).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS-ANO 2015. EXPTE. 6981/320.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 24/03/15 e 07/04/15, respectivamente, dáse conta do informe-proposta da técnico de xestión de Participación Cidadá, conformado polo xefe do servizo, polo concelleiro de área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 05/03/2015, D. Miguel A. González Lloves, en calidade de Presidente da “Asociación de Personar Sordas de Vigo” (CIF: G-36622835), segundo consta na certificación da composición da xunta directiva da asociación, elixida na Asemblea xeral celebrada o 20/09/14, achegou escrito (doc.150027284), solicitando a celebración dun convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, para axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante seis meses (13/04/15 a 12/10/15), acompañando a documentación precisa para a súa tramitación.

Segundo o art. 24.6 dos Estatutos da asociación, correspóndelle ao presidente, entre outras atribucións. “ ... a) representar á A.S.V. en toda clase de actos y contratos en que esta deba intervir...”.

Polo súa parte, o art. 24.8 permítelle ao presidente delegar calquera das súas funcións nun membro da Xunta Directiva “sinalando expresamente o período e o ámbito da delegación, con posterior ratificación da Xunta Directiva”.

Acompáñase o escrito de delegación de funcións do presidente no vicepresidente da entidade, D. Francisco Eijo Santos, de data 03/03/2015, así como, certificación da persoa responsable da firma do convenio, da mesma data, e a certificación do acordo da Xunta Directiva da asociación sobre a delegación de funcións do presidente no vicepresidente, facultando ao mesmo para a firma do convenio de colaboración coa concellería de Participación Cidadá.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)*
- *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)*
- *Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.*
- *Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993*

2. COMPETENCIA MUNICIPAL

A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.

En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

A lei distingue tres tipos de competencias: as propias (artigos 7.2 e 25), as delegadas (7.3 e 26) e as distintas das anteriores que, segundo o artigo 7.4 só poderán exercerse cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local e non se incorra nun suposto de execución do mesmo servizo simultaneamente con outra Administración Pública.

Ademais, a teor do disposto no art. 25.1 da LBRL, establece o recoñecemento dunha capacidade xenérica de actuar, tamén coñecida como cláusula de capacitación xeral, segundo a cal, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O citado precepto, enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.

E finalmente, a DT2ª da LBRL, sinala que en tanto non se dite a lexislación do Estado e das CCAA, conforme ao sinalado nos preceptos antes citados (art. 2 e 25), os municipios poderán exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente na data de entrada en vigor desta Lei.

A regulación das competencias municipais, polo tanto, queda diferida ao lexislador estatal ou autonómico.

Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas

competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- 1. Ano 2014: Expte. Núm. 6579/320*
- 2. Ano 2013: Expte. Núm. 6042/320*
- 3. Ano 2012: Expte. Núm. 5741/320*
- 4. Ano 2011: Expte. Núm. 5158/320*
- 5. Ano 2010: Expte. Núm. 4642/320*
- 6. Ano 2009: Expte. Núm. 3984/320*
- 7. Ano 2008: Expte. Núm. 3372/320*

Así, como se indicou anteriormente, o art. 25 contén unha garantía institucional mínima, que non atribúe competencias directas nin constitúe un teito competencial e cuxa relación de materias, á vista do exposto, pode completarse por leis estatais e autonómicas de distinta natureza.

Si ben o devandito artigo, como xa se expuxo anteriormente, non contempla a actividade de fomento como unha competencia propia municipal, existen competencias municipais que puideran resultar afectadas polas actividades que, indirectamente, se intentan promocionar a través da subscrición deste convenio. En particular, a letra e) do referido artigo, inclúe como materia na que as EELL poden exercer competencias propias, a "... atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social". Así mesmo, o municipio exercerá competencias en materia de "promoción da cultura..." (letra m).

Pois ben, á vista do art. 6 dos seus Estatutos, entre outros fins e actividades que a asociación persegue, encóntranse os de :

- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro*
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas*
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.*
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo*
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía*
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación*

- *Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares*

Por outra banda, a Lei 7/1985 (LRBRL), na parte adicada a información e a participación cidadá, dispón, no seu artigo 72, que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a mas ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, no uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da corporación nos termos do número 2 do artigo 69. Neste mesmo sentido, o artigo 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constituían para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. E, para a dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas.

A maior abondamento, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), contempla como un dos tipos de actividade das Entidades Locais, a de fomento e dispón, no seu artigo 25, que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local. Na mesma liña se pronuncia o artigo 232.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal, os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Tamén o Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992 e modificado por acordo de 31/03/1993, sinala, entre os seus obxectivos, "facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal", "achegar a xestión municipal ao cidadá", e "fomentar o asociacionismo cidadá" (artigo 2), establecendo que, nos presupostos se incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo (artigo 12)

3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención*
- réxime xurídico aplicable*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.16º da resolución da Alcaldía de data 29/07/2014, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “Convenio Asociación Xordos”, cunha dotación de 6.000,00 €

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Personas Sordas de Vigo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo Decreto de Alcaldía de data 28/12/92.

5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de "que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...", "... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública".

Neste caso, o obxecto do convenio é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de abril a outubro de 2015 (13 de abril - 12 outubro), que se consideran de interese público e social.

O Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e a súa inclusión social (BOE núm. 289, de 3 de decembro), dispón no seu artigo 1.a) que a mesma ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo dos dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto dos cidadáns e cidadás, a través da promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión da comunidade e a vida independente e da erradicación de toda forma de discriminación, conforme aos artigos 9.3, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.

Asemade, no Título I, o artigo 57 establece, como obriga dos poderes públicos, entre outras, a garantía dos apoios adecuados, a orientación, a inclusión social e laboral, o acceso á cultura e ao lecer, a garantía duns dereitos económicos e sociais e de protección xurídica mínimos, para o cal , participarán, nos seus correspondentes ámbitos competenciais, as administracións públicas, os interlocutores sociais e as asociacións e persoas xurídico-privadas.

Engade o artigo 59 da devandita norma que os poderes públicos desenvolverán cantas accións sexan necesarias para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación na colaboración con organizacións representativas das persoas con discapacidade a as súas familias, debendo promover, as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, conforme ao artigo 69, o desenvolvemento de medidas de fomento mediante a adopción de medidas para que se supriman as prácticas contrarias á igualdade de oportunidades.

Por último, o artigo 72 dispón que as administracións públicas, e entre elas, as entidades locais ampararán a iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento destas actividades mediante, entre outras medidas, o apoio económico, debendo recibir especial atención, as entidades sen ánimo de lucro promovidas polas propias persoas con discapacidade, os seus familiares ou representantes legais.

Finalmente, no ámbito autonómico, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (DOG núm. 241, de 17 de decembro) que trae causa no texto refundido antes citado e cuxa entrada en vigor se produciu aos tres meses da súa publicación, é dicir, o 17 de marzo do ano en curso, dispón no seu artigo 37.2 que forma parte do seu obxecto, a accesibilidade e o deseño para todos no ámbito do acceso aos bens e servizos das administracións públicas, debendo estas adoptar as medidas necesarias para garantir a accesibilidade universal de calquera persoa nas súas relacións coas administracións, de acordo coa normativa aplicable.

O artigo 34 da mesma norma, sobre accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización, dispón que as administracións públicas de Galicia deberán promover a supresión das barreiras na comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os/as intérpretes en lingua de signos que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Tamén, as administracións públicas de Galicia fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e de guías intérpretes de persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas, de xeito que se lle facilite a comunicación directa á persoa, e así mesmo promoverán a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

Tal e como se sinalou anteriormente, o artigo 7 dos estatutos da asociación establece os fins e as actividades que constitúen o seu obxecto social, sendo de interese para a cidadanía viguesa, e cuxa realización se subvenciona a través de este convenio.

A concellería de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo, pretende realizar unha serie de actuacións encamiñadas a fomentar no posible, a eliminación das barreiras que dificultan o acceso, en condicións de igualdade, á calidade de vida das persoas xordas, na participación en actividades organizadas pola concellería de Participación Cidadá e as organizacións inscritas na Rexistro Municipal de Asociacións.

Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva, a través da posta a disposición destes dun profesional intérprete da lingua dos signos.

A finalidade do convenio é promover e canalizar a participación dos cidadáns afectados por discapacidades auditivas nos asuntos públicos e, en particular, nas actividades e servizos ofertados tanto polo servizo de Participación Cidadá como pola propia "Asociación de Personas Sordas de Vigo", así como, facilitar e promocionar as súas relacións coa administración pública, a asistencia a cursos, conferencias, reunións e asembleas, as consultas de información, etc, tratando de eliminar os obstáculos que dificulten ou impidan a participación do colectivo de persoas afectadas pola devandita discapacidade, así como dos seus representantes, en todos os eidos que contribúan ao seu desenvolvemento integral.

Trátase, polo tanto, de por a disposición dos membros da Xunta Directiva, do persoal e das persoas usuarias das actividades ou servizos desenvolvidos pola devandita entidade, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que actúe como canle de comunicación entre as persoas xordas e oíntes, facilite o acceso á información e á integración social, cubra todos aqueles servizos de xestión e organización da propia entidade, derivadas da labor levada a cabo por ela, así como aqueles servizos encamiñados a realización de diversas actividades tales como conferencias ou cursos, e que poidan contar nas súas actividades que se realicen ao longo do ano cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva, naquelas actividades nas que se inscriban as persoas afectadas, sen que esta opción sexa incompatible coa prestación de

servizos de interprete por calquera outro servizo do Concello de Vigo, xa que o seu obxecto parece diferir da subvención que a entidade ten asignada nominativamente con cargo ao programa orzamentario de Benestar Social, extremo este que queda acreditado no expediente ao que se incorpora a declaración responsable da entidade, de data 3 de marzo de 2015, de non ter solicitadas ou ter concedidas outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que a que constitúe o obxecto deste convenio.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890008, denominada "Convenio Asoc. Xordos", cunha dotación orzamentaria de 6.000 €.

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 1.2 ("Asistenciais e saúde"), co número 266/92, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condiciona, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A "Asociación de Personas Sordas de Vigo", segundo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co concello de Vigo, e certificado de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, todos eles vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS.
2. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 3/03/2015, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Ademais, e entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Memoria explicativa, que inclúe datos identificativos da entidade, fundamentación, obxecto, finalidade do convenio, descrición da actividade ou servizo para o que se solicita a súa celebración: funcións do intérprete e tipoloxía de servizos que se cubrirán por este profesional,

datos relativos aos servizos de interpretación realizados no ano 2014, vixencia, persoas beneficiarias, difusión da publicidade, recursos necesarios, avaliación do servizo de intérpretes de LSE e orzamento, que recolle o custes salariais derivados da contratación dunha persoa titulada en Interpretación de Lingua de Signos Española, durante os meses de abril a outubro de 2015 (13/04/15- 12/10/15), e que se reflicte a seguir:

CUSTE SALARIAL 2015 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA A TEMPO PARCIAL (13/04/15-12/10/15)	
GRUPO DE COTIZACIÓN	5
SALARIO BASE	574,62 €
PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS	191,54 €
SALARIO BRUTO	766,15 €
BASE DE COTIZACIÓN	766,15 €
CONTINXENCIAS COMÚNS	180,81 €
FOGASA, ETC.	57,46 €
CNAE	12,64€
SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA	250,92 €
COSTE ASOCIACIÓN/MES	1.017,07 €
INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL	153,23 €
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	6.255,65 €

2- Proxecto de actividades para o 2015, que inclúe as actividades a desenvolver (conferencias e charlas, excursións e viaxes, accesibilidade e difusión, cultura e SLE, obradoiros, celebracións, sendeirismo, encontros, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos.

3. Escrito de delegación da función de sinatura do presente convenio efectuado polo presidente a favor do Vicepresidente, D. Francisco Eijo Santos, do que se axunta fotocopia de DNI.

4. Certificación do secretario da asociación, de data 03/03/2015, segundo a cal, a Xunta Directiva da Asociación, en sesión ordinaria de data 28/02/2015, acordou ratificar a anterior delegación de funcións.

5. Certificado do secretario da Asociación, de data 26/09/2014, sobre composición da xunta directiva.

6. Certificación do secretario, de 03/03/2015, segundo a cal, a asociación conta con 229 socios inscritos, dos que 191 son persoas xordas e 38 son oíntes.

7. Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos

9. Certificación bancaria, de data 12/02/2015, sobre número de conta corrente de titularidade da asociación, no que ser fará efectivo o aboamento da subvención: 2100 4257 92 2200040723 (LA CAIXA)

10. Certificado do presidente da entidade de data 18/03/2015, en representación da Xunta directiva, conforme ao cal asume a obriga de contratar un profesional intérprete en lingua de signos para o período comprendido entre o 13 de abril e 12 de outubro de 2015 (6 meses a xornada parcial)

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

8. ANTICIPO

Conforme o artigo 34.2 da LXS, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De conformidade co art. 31.6 da LSG, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previa a xustificación, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Deste xeito, e atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houbesen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.

En canto ao réxime de garantías para o pago anticipado, ao que fan referencia os preceptos citados anteriormente, se exonera á Asociación de amas de casa e consumo Agarimo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria, de conformidade co disposto no artigo 42.2d) e ss. do RD 887/06.

9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)

O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2015, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 13/04/2015 e o 12/10/2015, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 31 de outubro de 2015.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas e/ou nóminas e demais documentos xustificativos, os cales deberán incluír todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas ou nóminas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos xustificativos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán xustificantes de gasto que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.

- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que a entidade cumpriu as condicións e obrigas estipuladas no convenio
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que xustificantes acreditativos dos gastos foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Pola súa parte, de conformidade co art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá aprobado en sesión plenaria do 26/03/92, no último trimestre do ano, a asociación presentará memoria de actividades e balance económico do exercicio en vigor e proxecto de actividades e orzamento para o ano a seguir.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES59 2100 4257 9222 0004 0723 (LA CAIXA), segundo código de conta cliente de data 12/02/2015, emitido pola entidade bancaria.

11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

12. SINATURA DO CONVENIO

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde, e en representación da Asociación de Persoas Sordas de Vigo (CIF.- G-36622835), por D. Francisco Eijo Santos (36114753-S), en calidade de vicepresidente e por delegación do presidente.

Polo que respecta a Asociación de Persoas Sordas de Vigo, tal e como se indicou anteriormente, incorporouse ao expediente, escrito de data 03/03/2015, de delegación de funcións do presidente a favor do vicepresidente da entidade, D. Francisco Eijo Santos, ratificado polo Xunta Directiva da asociación, facultando ó mesmo para a sinatura do convenio.

13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.16º da Resolución de delegacións do alcalde de data 29/07/2014, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 6.000 € (seis mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890008, denominada “Convenio Asoc. Xordos” incluída no vixente orzamento municipal prorrogado, a favor da entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (CIF- G-36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de abril a outubro de 2015 (13/04/15-12/10/15) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 6.000 € (seis mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

En Vigo, na casa do Concello de Vigo, a ----- de----- de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, D.Francisco Eijo Santos (DNI: 36114753S), en calidade de vicepresidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 6981/320

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e afondando na democracia representativa.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 266/92.

III.- Que a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos*
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro*
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas*
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.*
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo*
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía*
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación*

- *Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes*
- *Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares*
- *Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares*

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse o respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna a condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos. Co fin de cooperar para que este obxectivo sexa unha realidade, o Concello de Vigo leva anos colaborando con esta entidade mediante a firma de convenios, outorgamento de subvencións, así como coa cesión, polo prazo de 25 anos, do dereito de uso do local de propiedade municipal sito na planta baixa do edificio núm. 22-24 da rúa Romil desta cidade (acordos da XGL de datas 31/01/05 e 23/10/06).

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado definitivamente o 13 de xuño de 2014 (BOP núm. 118, de 20 de xuño), e prorrogado por resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “Convenio Asoc. Xordos”, a concesión dunha subvención por importe de 6.000 € a favor da “Asociación de Persoas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de abril a outubro de 2015 (13/04/15- 12/10/15), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

<i>CUSTE SALARIAL 2015 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA A TEMPO PARCIAL (13/04/15-12/10/15)</i>	
<i>GRUPO DE COTIZACIÓN</i>	<i>5</i>
<i>SALARIO BASE</i>	<i>574,62 €</i>
<i>PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS</i>	<i>191,54 €</i>
<i>SALARIO BRUTO</i>	<i>766,15 €</i>
<i>BASE DE COTIZACIÓN</i>	<i>766,15 €</i>
<i>CONTINXENCIAS COMÚNS</i>	<i>180,81 €</i>
<i>FOGASA, ETC.</i>	<i>57,46 €</i>
<i>CNAE</i>	<i>12,64€</i>
<i>SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA</i>	<i>250,92 €</i>
<i>COSTE ASOCIACIÓN/MES</i>	<i>1.017,07 €</i>
<i>INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL</i>	<i>153,23 €</i>
<i>CUSTES SALARIAIS TOTAIS</i>	<i>6.255,65 €</i>

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

- Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de abril a outubro de 2015 (13/04/15 - 12/10/15), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.*
- A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.*
- Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF*

respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.

- O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.*
- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”. Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.*
- Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.*
- O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de vinte horas semanais, organizándoas dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.*
- O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.*
- O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.*
- O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2015, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de abril a outubro de 2015 (13/04/15- 12/10/15) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.*
- Facilitar as actuacións de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.*
- Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula novena do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.*
- Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través de presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá, que se trata dunha servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.*
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
- Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*
- Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 6.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 480008, denominada “Convenio Asoc. Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de abril a outubro de 2015 (13/04/15- 12/10/15).*
- Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Personas Sordas de Vigo.*
- Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación do acción conveniada.*
- Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención. O art. 29 da LXS entende que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2015.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no vixente orzamento municipal.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Personas Sordas de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas, horario e lugar de prestación do servizo*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e/ou número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a

suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

-
- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas e/ou nóminas e demais documentos xustificativos, os cales deberán incluír todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os requisitos legalmente esixidos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados na proxecto.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria

- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como, non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegada*
- *Que a entidade cumpriu as condicións e obrigas estipuladas no convenio.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituán rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) Fotocopia do contrato de traballo

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorre en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2100 4257 92 2200040723 (LA CAIXA)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2015 no período comprendido entre o 13/04/15 ao 12/10/15.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ----- de-----de 2015.

POLO CONCELLO DE VIGO,
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

POLA "ASOCIACIÓN DE PERSONAS
SORDAS",
O VICEPRESIDENTE,
Francisco Eijo Santos

6(425).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DA RÚA ALVARO CUNQUEIRO, AVDA. BUENOS AIRES E RÚA CAÑIZA. EXPTE. 3159/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/03/15 e o de fiscalización do 08/04/15, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/15, do xefe de Vías e Obras conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

"1.- Antecedentes:

Con data 10 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou entre outros os seguintes proxectos:

- Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Álvaro Cunqueiro, por importe de 114.884,61 €, e que contén o expediente 3.117/440.
- Reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Buenos Aires, por importe de 120.106,90 €, e que contén o expediente 3.115/440.
- Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Cañiza, por importe de 81.488,74 €, e que contén o expediente 3.116/440.

Os citados proxectos foron redactados pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, pola ENXEÑEIRA TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro e dirixido polo ENXEÑEIRO XEFE DE VÍAS E OBRAS D. Agustín Rodríguez Carballo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DEZASEIS MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS (316.480,25 €).

Por orde de servizo do concelleiro delegado da Área de Fomento de data 13 de marzo de 2015, e a proposta de quen subscribe, segundo informe da mesma data, iniciouse o expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras. No expediente inclúese a seguinte documentación:

–Proxectos técnicos aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de marzo de 2015, cos números de expediente 3.115/440, 3.116/440, 3.117/440.

–Acta de replanteo asinada polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras con data 16 de marzo de 2015.

–Informe xustificativo do inicio do expediente de data 13 de marzo de 2015, asinado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras.

–Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de data 16 de marzo de 2015.

–Informe da Titular de Asesoría Xurídica de data 31 de marzo de 2015.

–Prego de Cláusulas Administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, asinado con data 19 de marzo de 2015.

–Documento contable correspondente a existencia de crédito.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a.- Obxecto do contrato:

O proxecto de obra de mantemento e reforzo da capa de rodadura do firme das rúas Álvaro Cunqueiro, Avda. Buenos Aires e Rúa Cañiza contempla actuacións de mantemento para a reparación da capa de rodadura.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 72656-250 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 5 de decembro de 2014 que se xunta o expediente e forma parte do mesmo.

b.- Aspectos destacados do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. Tendo en conta o obxecto do contrato e o importe do mesmo óptase polo procedemento negociado con publicidade, dacordo co estipulado nos artigos 171.d) do TRLCSP, e a tramitación ordinaria.
2. No apartado 4.A) das FEC establécese un prazo máximo de execución das obras de 1 mes cada un dos lotes.
3. En canto ao presuposto máximo de licitación do contrato, no apartado 3 das FEC establececese en 316.480,25 €, sendo o importe sen IVE o de 261.553,93 €, ao que lle correspondería un IVE o de 54.926,32 €. , co seguinte desglose:
 - Lote nº 1: Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Álvaro Cunqueiro, por importe de 114.884,61 €, sendo o importe correspondente ao IVE 19.938,65 €.

- Lote nº 2: Reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Buenos Aires, por importe de 120.106,90 €, sendo o importe correspondente ao IVE 20.845,00 €..
- Lote nº 3: Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Cañiza, por importe de 81.488,74 €, sendo o importe correspondente ao IVE 14.142,67 €.

En canto ao prezo do contrato será o que corresponda á oferta mais vantaxosa incrementado no IVE (21 %).

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento da Área de Fomento na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 "Mellora de infraestructuras en Parroquias" que dispón dun crédito suficiente e adecuado .

4. En canto aos criterios de adxudicación, no apartado 8 da FEC establécense os criterios de adxudicacións que han de servir de base para a súa valoración, centrándose unicamente no prezo do contrato, as formulas e criterios de aplicación das mesmas serán as que con carácter xeral recolle o PCAP.
5. Revisión de prezos: No presente prego especificase no punto 3.J das FEC que non procede a revisión de prezos, tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración de 1 mes, non procede a revisión de prezos, e os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto, dentro da mesma anualidade.
6. De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, a clasificación esixida é a seguinte: non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar a seguinte clasificación Grupo G, Subgrupo 4, Categoría B, como acreditación da solvencia económica e financeira si se presentan unicamente a un lote.
Grupo G, Subgrupo 4, Categoría C, como acreditación se si presentan a dous ou tres lotes, como acreditación da solvencia económica e financeira.
7. Modificacións do Contrato: Tendo en conta que se trata dunha obra perfectamente definida, non está prevista a modificación do contrato.

Previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, unha vez informado xa pola Asesoría Xurídica Municipal, deberá incorporarse ao expediente, a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, segundo establece o artigo 109.3 do TRLCSP.

Por isto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a tramitación do expediente para contratar a execución das obras do proxecto "Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Álvaro Cunqueiro, Avda. Buenos Aires e Rúa Cañiza.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación das referidas obras redactado pola xefa do servizo de Contratación, de data 19 de marzo de 2015.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida licitación, redactado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de data 16 de marzo de 2015.

4º.- Autorizar o gasto correspondente ao presuposto base de licitación, por un importe de 316.480,25 €, sendo o importe sen IVE o de 261.553,93 €, ao que lle correspondería un IVE o de 54.926,32 €. , co seguinte desglose:

- Lote nº 1: Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Álvaro Cunqueiro, por importe de 114.884,61 €, sendo o importe correspondente ao IVE 19.938,65 €.
- Lote nº 2: Reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Buenos Aires, por importe de 120.106,90 €, sendo o importe correspondente ao IVE 20.845,00 €.
- Lote nº 3: Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Cañiza, por importe de 81.488,74 €, sendo o importe correspondente ao IVE 14.142,67 €.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento da Área de Fomento na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 "Mellora de infraestructuras en Parroquias", e dos créditos a nivel da bolsa de vinculación, xa que as actuacións previstas na aplicación orzamentaria 1532.619.00.50 cun importe de 482.491,98 €, atopanse na fase de estudo, polo cal a súa execución quedará limitada dentro das posibilidades de execución dentro exercicio 2015, posibilitando pois a aplicación deste crédito a bolsa de vinculación o cal non afectará ó normal funcionamento das previsión de execución das actuacións previstas no servizo.

5º.- *Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(426).- DECLARACIÓN DA "ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL BUEU-MOÑA DO POLÍGONO DE COIA" E INCORPORACIÓN AO PROGRAMA DE REXENERACIÓN URBANA PLAN ESTATAL 2013-2016". EXPTE. 1466/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/03/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU, conformado pola xefa do servizo de Rehabilitación, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

"Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) de data 28/11/2012, e tras a publicación da Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, emítense en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

As 360 vivendas de promoción pública incluídas neste ámbito, pertencen a dúas actuacións de VPP construídas nos anos 1968 e 1973 e o forman 45 bloques de catro plantas e 8 vivendas, o primeiro grupo obtivo a súa cualificación provisional de Vivendas Protexidas en 05/01/1968 e o segundo grupo el 14/07/1973 a cualificación definitiva pola resolución da Dirección Xeral do Ministerio de Vivenda. O perímetro desta área recolle unha cantidade superior de vivendas ás 100 vivendas fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008.

O ámbito delimitado, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa. Correspóndese coa couzada 09442, parcela 06 que acolle ás 360 vivendas de distintas superficies dentro do conxunto. Os representantes veciñais do barrio buscan dende fai moitos anos unha solución ao problema de accesibilidade das vivendas dado o envellecemento da poboación e os crecentes problemas de accesibilidade aos pisos.

Producíronse diversos contactos co IGVS ao longo destes anos para poder acollerse a axudas para a mellora da accesibilidade das vivendas. Froito do compromiso desta necesidade en data 10.05.2010 o xefe da Área Provincial do IGVS comunica ao concello de Vigo a iniciativa dese organismo de formular o Plan Especial de Protección (PEPREI) que finalmente obtivo aprobación definitiva en data 28/10/2013.

En data 17 de marzo de 2015, publícase a Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 na que se da un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana xunto cunha determinada documentación incluída a posibilidade de solicitude de declaración dunha nova área de rehabilitación de acordo co previsto no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación no ámbito da CA de Galicia.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito está incluído na delimitación establecida no PXOM regulada pola ordenanza 8 de CONXUNTOS REFORMABLES en vigor (PXOM 2007) para o Concello de Vigo, e recolle unha área urbana con tipoloxía edificatoria propia das vivendas de promoción pública construídas en varios grupos nos anos 1968 e 1973.

Conta cun Plan Especial de Protección de Rehabilitación e reurbanización de espazos interiores, a partir de agora PEPREI de Coia, redactado pola arquitecta Cristina Cameselle Solá, que conta con aprobación definitiva no Pleno do Concello de Vigo do 28/10/2013.

O ámbito delimitado de acordo coa delimitación xa reflectida no PEPREI COIA de Vigo, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa.

A área está dentro do Polígono de Coia dos anos 70 donde se sitúan as promocións de vivenda pública máis importantes en número e extensión do Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, con problemas de integración no seu contorno, so mantén un certo diálogo co resto do polígono de Coia por ter un tratamento semellante nas edificacións e nos espazos libres.

2. SITUACIÓN ACTUAL

A superficie incluída no ámbito de estudo é de 26.322,22 m² (2.63 Has), dispoñendo a zona dunha superficie construída de 31.384 m².

As edificacións agrúpanse dun xeito ordenado dentro da parcela 06 da couzada 09442 que inclúe ás 360 vivendas do ámbito. A superficie en planta ocupada pola edificación abrangue 6.825,88 m².

No ámbito tamén está incluída a superficie de viario, zonas libres e equipamentos públicos que non contan con ficha catastral.

Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas en 1972 nunha única parcela catastral, para un total de 360 vivendas de distintas medidas, cunha superficie de 65 e 67 m² destinados a vivenda e con 20, 21 e 37 m² da súa proporción dos elementos comúns para cada vivenda correspondentes, en xeral para un rocho na planta baixa ou semisoto.

Aínda que o ámbito conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 70, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo público do ámbito de estudo supón aproximadamente o 75% do total do ámbito delimitado, e está composto polos residuos de espazo entre bloques, formada polo espazo libre que queda entre eles e na súa contorna ou bordo até os bloques de edificios máis próximos, algúns de tipoloxías semellantes aos incluídos neste ámbito e outros moi diferentes en torre ou os espazos libres de edificación e urbanización pendentes do seu desenvolvemento urbanístico.

Na zona sur, hai un espazo adicado a uso deportivo e de xogos, parte do espazo libre atópase con pavimentación de asfalto, baldosa de formigón ou vexetación.

As edificacións están regularmente dispostas para conformar un conxunto que se adapta ao desnivel descendente do terreo. Este asentamento que aparentemente é homoxeneo ten en realidade moitas variacións en canto a cota de implantación. Así aparecen unas escaleiras no interior para o acceso ao portal que resollen a diferenza de cota entre a vía peonil e o portal, que oscila entre -55 e +224 cm. Os edificios están dispostos en fileiras pechando un espazo interior e adaptándose á pendente da topografía.

O modelo de vivenda é semellante en todos os casos.

A superficie media de vivenda estímase 66,50 m² de superficie útil contando as terrazas existentes, a superficie media dos edificios estímase en 698,22 m², según os datos catastrais existentes.

As vivendas están dispostas segundo o modelo de dúas por andar, cos elementos comúns no medio de cada edificio.

Exteriormente as edificacións presentan un estado variable, por reformas exteriores e nos elementos comúns dos bloques en distintas épocas.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o conxunto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERÁL (ARIX)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan

Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espacios libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espacio urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

De acordo co Decreto 18/2014, de 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as Áreas de Rehabilitación Integral Xerais son as áreas que non pertencen a ningunha das categorías de conxunto histórico ou rural, con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL 2013-2016

O Plan Estatal 2013-2016, aprobado por RD 233/2013, do 13 de febreiro, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas para o período 2013-2016.

O RD 233/2013 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán as Administracións públicas, os propietarios de vivendas, os propietarios únicos de edificios e vivendas, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- *Ambito delimitado e declarado por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo, de alo menos 100 vivendas, con excepcións.*
- *Alo menos un 60% da edificabilidade sobre a rasante deberá destinarse a uso residencial de vivenda habitual.*
- *Aprobación do instrumento urbanístico e de execución e equidistribución.*

- Os edificios e vivendas deberán cumprir ademais, que o edificio conte con informe de Avaliación e as actuacións contén con acordo da Comunidade ou comunidades de propietarios.

As contías máximas das axudas serán:

- Do 35% do custe subvencionable da actuación.
- Axuda unitaria máxima de:
 - 11.000€ por cada vivenda obxecto de rehabilitación.
 - 30.000€ por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.
 - 2.000€ por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.
 - Ao anterior, se lle engadirá, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo que duren as obras e até un máximo de 3 anos.
 - Até 500€ por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para o custe dos equipos e oficiñas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de tres anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

- No Acordo da Comisión Bilateral fixaranse as anualidades correspondentes á aportación do Ministerio de Fomento, até un máximo de tres, sin superar o exercizo 2016. O Ministerio de Fomento transferirá á Comunidade Autónoma ou Cidades de Ceuta ou Melilla o importe da subvención na forma e prazos previstos en dito Acordo de Comisión Bilateral e, en todo caso, conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Xeral Presupostaria.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 8 o procedemento para a declaración das áreas de rehabilitación integral.

As Áreas se declararán por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo a petición dos concellos interesados en que se declare un área no seu territorio.

Para o ámbito delimitado das ruas Bueu-Moaña en Coia, procede a declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral por non pertencer a ningunha das categorías consideradas como conxunto histórico ou rural. Neste caso, o ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas, cumprindo esta determinación ao ser un ámbito de 360 vivendas en 45 bloques.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Convenio recolle a posibilidade de incorporar ao Plan Estatal 2013-2016 áreas de rehabilitación integral e áreas de renovación urbana acollidas a plans estatais anteriores.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, recolle no seu artigo 3 a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana.

Admitirase a participación dun concello que presente solicitude de declaración dunha nova área de rehabilitación de acordo co previsto no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro. O IGVS remitirá a documentación ao Ministerio de Fomento para a súa conformidade e posterior sinatura de acordos específicos en atención ás súas dispoñibilidades orzamentarias e aos criterios establecidos no artigo 27 do RD 233/2013.

O acordo específico que se asine posibilitará que o respectivo concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

As actuacións subvencionables son:

Execución de obras en edificios e vivendas, no medio urbano, de demolición e edificación de vivendas de nova construción, segundo o previsto no artigo 26.1.a), b) e c), respectivamente, do RD 233/2013.

Realoxo temporal de ocupantes legais e mantemento de equipos técnicos e oficiñas de información e xestión segundo o previsto no artigo 26.2.a) e b) do RD 233/2013.

No ámbito de actuación, polo menos o 60% da edificabilidade sobre rasante deberá ter como destino o uso redencial de vivenda habitual.

O ámbito deberá de cumprir o previsto no artigo 27.1.a) do RD 233/2013.

Os edificios de vivendas incluídos no ámbito deberán contar co correspondente informe de avaliación segundo o establecido na DT1ª 1.b) da Lei 8/2013.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa reguladora recollida no artigo 15.

8. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARIX

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de ARIX para o a zona das rúas Bueu-Moaña do polígono de Coia, de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal 2013-2016 e normativa que desenvolve e regula o programa rehabilitador para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a Declaración de “Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia”, segundo a delimitación que da devandita área de establece nos planos anexos á Memoria-Programa.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria programa que se xunta para solicitar a declaración de “Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia” e a participación para obter financiamento do Plan Estatal 2013-2016 nun total de 72 actuacións.

TERCEIRO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para a financiación das actuacións de rehabilitación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área.

CUARTO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Xunta de Galicia para que o Concello de Vigo actúe como entidade xestora das actuacións logo da sinatura dos acordos correspondentes.

QUINTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área e para asinar ditos acordos.

SEXTO.- Compromiso do concello para manter a oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e implusio das actuacións de rehabilitación no ámbito.

SETIMO.- Remitir ao IGVS a certificación do acordo dos anteriores apartados xunto coa memoria explicativa para a Declaración de ARIX para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación correspondente.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 10/04/15, acorda elevar este expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe do 31/03/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU.

8(427).- DECLARACIÓN DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL GRUPO DE CASAS DE SANTA CLARA E INCORPORACIÓN AO PROGRAMA DE REXENERACIÓN URBANA PLAN ESTATAL 2013-2016”. EXPTE. 1465/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU, conformado pola xefa do servizo de Rehabilitación, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

“Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) de data 03/05/2012, e tras a publicación da Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de

vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, emítese en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

As vivendas sociais da Barriada Álvarez en Santa Clara, foron adquiridas polo Grupo de Empresas Álvarez, S.A. (GEA) mediante escritura pública susbscrita o 26 de febreiro de 1985 perante notario. O vendedor era o IPPV que transmitiu as 96 unidades destinadas á GEA pola contía de 3.875.406 pts.

As vivendas construídas en 1944 forman 16 bloques de tres andares e obtiveron a súa cualificación definitiva de Vivendas Protexidas pola resolución da Dirección Xeneral do IPPV en 1951.

En novembro de 2010 celebrouse unha poxa pública das 96 vivendas propiedade da empresa que finalmente foron adquiridas polos propietarios actuais.

O perímetro desta área recolle, como xa se dixo anteriormente, un total de 96 vivendas, inferior ás fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008 polo que require do acordo de aceptación da excepcionalidade do cumprimento do número mínimo de vivendas dentro da ARI nunha Comisión Bilateral de seguimento entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, quedando suficientemente xustificada a delimitación deste ámbito ao non ter ningunha relación co entorno máis próximo e ser en si mesmas un conxunto delimitado no PXOM de Vigo como área de ordenanza específica de edificios singulares, cuxo perímetro está perfectamente definido e pechado. É ademais unha zona que se atopa cunhas patoloxías importantes, que fai necesaria a súa intervención e rehabilitación urgente.

En sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do día 26 de novembro de 2012, e contido no expediente 585/431/2012 consta a memoria para a solicitude de declaración de ARI, que resulta aprobada a petición e se remite a solicitude de Declaración de Área de Rehabilitación Integral do Grupo de Casas de Santa Clara, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Pero tal Declaración non ten tramitación no Organismo Autónomo IGVS dentro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

En data 17 de marzo de 2015, publícase a Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 na que se da un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana xunto cunha determinada documentación incluída a posibilidade de solicitude de declaración dunha nova área de rehabilitación de acordo co previsto no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básico dos programas autonómicos de rehabilitación no ámbito da CA de Galicia.

Relativos ao planeamento urbanístico

O ámbito delimitado de acordo coa delimitación xa reflectida no PXOM de Vigo, definido para a elaboración desta memoria, ocupa unha superficie de 8.795,76 m², e espállase polas rúas Ramón Nieto e Barriada Santa Clara.

O ámbito descrito coincide coa delimitación establecida no PXOM regulado pola ordenanza 8 CONXUNTOS REFORMABLES en vigor (PXOM 2007) para o Concello de Vigo, e recolle unha área urbana con tipoloxía edificatoria propia das vivendas de promoción pública ou,

como neste caso, de vivendas construídas por unha empresa para acoller os seus traballadores.

O ámbito así determinado denomínase Grupo de Casas de Santa Clara, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria por ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, escasamente integrado no seu contorno.

Encóntrase a unha altitude aproximada de 99.20 m sobre o nivel do mar e está localizado dentro da delimitación do código postal 36205.

2. SITUACIÓN ACTUAL

A zona dispón dunha superficie de solo de 7.711 m² construídos segundo as fichas catastrais en 1965, aínda que os datos recollidos as recoñecen de 1944, para 96 vivendas de distintas medidas, cunha superficie de 57, 62, 72, 76, 77 e 81 m² destinados a vivenda e 3, 4 ou 5 m² da súa proporción dos elementos comúns para cada vivenda.

As edificacións agrúpanse dun xeito ordenado dentro dun único cuarteirón 69.519 e unha única parcela '01' que acolle ás 96 vivendas dentro do ámbito.

Derivado da ausencia de actuacións urbanísticas integradoras, o espazo ten unha pavimentación que carece de toda humanización por estar ocupado ou á disposición maioritaria dos coches.

No ano 2012 realizouse unha actuación de pavimentación da beirarrúa de Ramón Nieto con substitución dos servizos urbanísticos.

O bordo do ámbito carece de integración no contorno e carece das correctas continuidades de vías ou de perspectivas das súas rúas. Trátase, xa que logo, dunha actuación en sí mesma sen diálogo co seu contorno.

O espazo público do ámbito de estudo supón o 25,21% do total do ámbito delimitado, e está composto pola trama formada polo espazo libre que queda dentro do cuarteirón e o bordo norte e leste do mesmo, formando rúas e espazos urbanos. Estes últimos en realidade como ensanchamentos e dilatacións transversais da vía central. A trama está formada por dúas rúas ou parte delas, das que unha é perimetral ao ámbito, con escasas variacións nas seccións e nas interseccións entre elas, o que dá un aspecto ordenado á mesma.

Ten na súa meirande parte acabados de pavimentos en asfalto e baldosas de formigón coloreado en verde ou branco e bordo de formigón na súa cor natural.

As edificacións teñen uso de vivenda colectiva, uso residencial como domicilio habitual e permanete nun 100% da súa edificabilidade sobre rasante. Edificacións de orixe sinxelo cun encadre moderno e desprovisto de decoración superflua.

Os edificios están dispostos en fileiras pechando un espazo interior e adaptándose á pendente da topografía.

As edificacións foron construídas en conxunto por volta de 1944 presupondo, xa que logo, que o 100% da edificación ten a mesma antigüidade.

Exteriormente as edificacións presentan un estado aceptable por seren obxecto dunha intervención conxunta do tratamento superficial das súas fachadas con incorporación de cor de basamento en gris e superiormente en cor vermella escura marcando a situación das xanelas en branco.

Interior e estruturalmente, o estado da edificación é dun deterioro xeneralizado que provoca a necesidade de intervención en todo o conxunto en especial para adaptalo ás necesidades de programa e habitabilidade actuais.

A superficie media das vivendas, estímase en 72,58 m².

Non existe vivenda baleira dentro deste conxunto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que leva aparelado unha problemática para a rehabilitación necesaria dos inmobles cuxa tendencia é preciso reconducir, quedando garantido, iso sí, o seu uso como domicilios habituais e permantes dos inmobles.

Por aplicación da ordenanza municipal para a inspección das súas edificacións, a mancomunidade encargou a redacción da ITE que resultó ser desfavorable polo estado das edificacións, en especial de tres dos seus bloques.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL (ARIX)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de xullo, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Dacordo co Decreto 18/2014, de 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as Áreas de Rehabilitación Integral Xerais son as áreas que non pertencen a ningunha das categorías de conxunto histórico ou rural, con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL 2013-2016

O Plan Estatal 2013-2016, aprobado por RD 233/2013, do 13 de febreiro, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas para o período 2013-2016.

O RD 233/2013 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de es-

pazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación preivamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán as Administracións públicas, os propietarios de vivendas, os propietarios únicos de edificios e vivendas, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- *Ambito delimitado e declarado por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo, de alo menos 100 vivendas, con excepcións.*
- *Alo menos un 60% da edificabilidade sobre a rasante deberá destinarse a uso residencial de vivenda habitual.*
- *Aprobación do instrumento urbanístico e de execución e equidistribución.*
- *Os edificios e vivendas deberán cumprir ademais, que o edificio conte con informe de Avaliación e as actuacións conten con acordo da Comunidade ou comunidades de propietarios.*

As contías máximas das axudas serán:

- *Do 35% do custe subvencionable da actuación.*
- *Axuda unitaria máxima de:*
 - *11.000€ por cada vivenda obxecto de rehabilitación.*
 - *30.000€ por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.*
 - *2.000€ por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.*
 - *Ao anterior, se lle engadirá, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo que duren as obras e até un máximo de 3 anos.*
 - *Até 500€ por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para o custe dos equipos e oficiñas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.*

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de tres anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

No Acordo da Comisión Bilateral fixaranse as anualidades correspondentes á aportación do Ministerio de Fomento, até un máximo de tres, sin superar o exercizo 2016. O Ministerio de Fomento transferirá á Comunidade Autónoma ou Cidades de Ceuta ou Melilla o importe da subvención na forma e prazos previstos en dito Acordo de Comisión Bilateral e, en todo caso, conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Xeral Presupostaria.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Ga-

licia, establece no seu artigo 8 o procedemento para a declaración das áreas de rehabilitación integral.

As Áreas se declararán por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo a petición dos concellos interesados en que se declare un área no seu territorio.

Para o ámbito do Grupo Casas de Santa Clara, procede a declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral por non pertencer a ningunha das categorías consideradas como conxunto histórico ou rural. Neste caso, o ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas, cumprindo esta determinación ao ser un ámbito de 96 vivendas en 16 bloques.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Convenio recolle a posibilidade de incorporar ao Plan Estatal 2013-2016 áreas de rehabilitación integral e áreas de renovación urbana acollidas a plans estatais anteriores.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, recolle no seu artigo 3 a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana.

Admitirase a participación dun concello que presente solicitude de declaración dunha nova área de rehabilitación de acordo co previsto no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro. O IGVS remitirá a documentación ao Ministerio de Fomento para a súa conformidade e posterior sinatura de acordos específicos en atención ás súas disponibilidades orzamentarias e aos criterios establecidos no artigo 27 do RD 233/2013.

O acordo específico que se asine posibilitará que o respectivo concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

As actuacións subvencionables son:

Execución de obras en edificios e vivendas, no medio urbano, de demolición e edificación de vivendas de nova construción, segundo o previsto no artigo 26.1.a), b) e c), respectivamente, do RD 233/2013.

Realoxo temporal de ocupantes legais e mantemento de equipos técnicos e oficiñas de información e xestión segundo o previsto no artigo 26.2.a) e b) do RD 233/2013.

No ámbito de actuación, polo menos o 60% da edificabilidade sobre rasante deberá ter como destino o uso residencial de vivenda habitual.

O ámbito deberá de cumprir o previsto no artigo 27.1.a) do RD 233/2013.

Os edificios de vivendas incluídos no ámbito deberán contar co correspondente informe de avaliación segundo o establecido na DT1ª 1.b) da Lei 8/2013.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa reguladora recollida no artigo 15.

8. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARIX

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de ARIX para o Grupo de Casas de Santa Clara, de tal feito que esté de acordo coas características do Plan Estatal 2013-2016 e normativa que desenvolve e regula o programa rehabilitador para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a Declaración de “Área de Rehabilitación Integral Xeral do Grupo de Casas de Santa Clara”, segundo a delimitación que da devandita área de establece nos planos anexos á Memoria-Programa.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria programa que se xunta para solicitar a declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral do Grupo de Casas de Santa Clara”e a participación para obter financiamento do Plan Estatal 2013-2016 nun total de 24 actuacións.

TERCEIRO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para a financiación das actuacións de rehabilitación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área.

CUARTO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Xunta de Galicia para que o Concello de Vigo actúe como entidade xestora das actuacións logo da sinatura dos acordos correspondentes.

QUINTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área e para asinar ditos acordos.

SEXTO.- Compromiso do concello para manter a oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e implusio das actuacións de rehabilitación no ámbito.

SETIMO.- Remitir ao IGVS a certificación do acordo dos anteriores apartados xunto coa memoria explicativa para a Declaración de ARIX para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación correspondente.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 10/04/15, acorda elevar este expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe do 31/03/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU.

9(428).- PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO PLAN ESTATAL 2013-2016 DA ÁREA DE

REHABILITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 1463/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 08/04/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU, conformado pola xefa do servizo de Rehabilitación, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

“Como parte do procedemento de incorporación das Áreas de Rehabilitación ao financiamento do estado do Plan Estatal 2013-2016, e da Orde do 9 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación urbana do Real Decreto 233/2013 do 5 de abril polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, emítase o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

En data 29 de setembro de 1997 o Casco Vello de Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación Integral” coincidente co Centro Histórico pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

En abril de 2007 apróbase definitivamente o Plan especial de Protección e reforma interior do Centro Histórico do Casco Vello de Vigo.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2000 até a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Aos efectos de conseguir a financiación cualificada específica prevista do Plan 2009-2012, redactouse a Memoria-Programa dos obxectivos 2011 no ano 2012 na que se incluían actuacións de vivendas e outras complementarias de urbanización e reurbanización. Para as 44 actuacións pendentes de remate, por indicación do IGVS, apróbase e remítese, en novembro de 2014, desde o Concello de Vigo á solicitude de incorporación no novo Plan Estatal 2013-2016.

Estas actuacións contaban con cualificación provisional de data 14.02.2013, nas cualificacións especificase “un prazo de execución das actuacións: ANUALIDADE 2014” e “ un prazo de execución das actuacións: ANUALIDADE 2015”, segundo o caso. Estas actuacións estarán recollidas no convenio asinado o 14/03/2015 entre os tres organismos públicos.

En data 17 de marzo de 2015, publícase a Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 na que se da un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana xunto cunha determinada de acordo co previsto no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación no ámbito da CA de Galicia.

Para incluír neste programa, o Concello de Vigo redacta unha memoria coa proposta de incorporación de 60 actuacións, unha actuación de urbanización e as actuacións correspondentes de xestión para a incorporación ao financiamento do Plan Estatal 2013-2016 e a súa tramitación.

Históricos

O barrio histórico de Vigo (máis coñecido como Casco Vello), do mesmo xeito que os centros históricos do resto de cidades galegas, estrutúrase a partir do antigo recinto amurallado e os seus barrios extramuros, comprendendo unha extensión de 21,84 hectáreas.

A pesar da súa céntrica posición xeográfica na cidade, o barrio histórico desempeñou un papel secundario a respecto da centralidade funcional de Vigo. O desenvolvemento da cidade, que tivo lugar durante o pasado século, foi desprazando progresivamente o seu centro funcional desde a antiga cidade amurallada cara o leste. Porén, a presenza do porto pesqueiro do Berbés, e o seu correspondente barrio dentro da cidade histórica, mantiveron actividades que asemade preservaron certo carácter de centralidade económica vinculada á actividade portuaria en xeral e turística ligada ao mercado da Pedra.

Cunha estrutura urbana conservada de forma desigual segundo as zonas, o desprazamento do centro económico e o escaso interese que durante un longo período amosou a cidade pola súa valoración cultural, propiciou un progresivo deterioro urbano que concluíu cunha importante degradación do seu casarío e dos espazos públicos, que se acompañou desde 1950 cun proceso de avellentamento da poboación residente, despoboamento residencial e aumento abusivo da terciarización que deu lugar a unha perda da identidade urbana e social da zona, con manifestacións de marxinação e exclusión social.

Relativos ó planeamento urbanístico

Actualmente, a Área de Rehabilitación Casco Vello de Vigo coincide cos límites do PERI (Plan Especial de Reforma Interior de 1991) do Casco Vello tal e como foi delimitado no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aínda así o PEPRÍ (aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión do 12 de abril de 2007, publicado no B.O.P. Nº 96 do 18 de maio de 2007) contempla unha pequena ampliación do ámbito (un cuarteirón de edificación máis) e a proposta de ampliación (e conseguinte modificación do PXOM) cara outras partes do Ensanche.

O ámbito considerado foi declarado Ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico Artístico, segundo Decreto 136/2006, do 27 de xullo, (DOG nº 161, de 22 de agosto de 2006).

O ámbito inclúe unha superficie total de 21,84 Ha, e afecta a un número total de 2.139 vivendas.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2000 até a actualidade asináronse 13 acordos de diferentes Plans de Vivenda para conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Conxunto histórico do Casco Vello de Vigo e un último acordo para incorporación das actuacións pendentes de remate na fase 13 ao Plan Estatal 2013-2016.

Como consecuencia destes acordos, a día de hoxe contabilizamos 881 actuacións rematadas ou ás últimas dentro da anualidade 2015 incorporadas do Plan anterior nesta A.R.C.H.

As actuacións de Obxectivos 2011 inco incorporados ao Plan Estatal 2013-2016, contén 44 actuacións con finalización prevista nesta anualidade 2015, e unha urbanización con finalización prevista en outubro do ano 2016.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

O Concello de Vigo ten implantada unha ordenanza municipal para a inspección das edificacións para que se manteñan coas debidas condicións de seguridade estrutural, construtiva que se

adapta, trala última modificación da súa normativa, ás especificacións do Plan Estatal 2013-2016 e a Lei de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación de Conxunto Histórico por ser un área que a declaración de Ben de Interese Cultural e conta cun plan especial de protección com máis de 50 actuacións.

4. PLAN ESTATAL 2013-2016

O Plan Estatal 2013-2016, aprobado por RD 233/2013, do 13 de febreiro, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas para o período 2013-2016.

O RD 233/2013 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán as Administracións públicas, os propietarios de vivendas, os propietarios únicos de edificios e vivendas, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Ambito delimitado e declarado por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo, de alo menos 100 vivendas, con excepcións.
- Alomenos un 60% da edificabilidade sobre a rasante deberá destinarse a uso residencial de vivenda habitual.

- *Aprobación do instrumento urbanístico e de execución e equidistribución.*
- *Os edificios e vivendas deberán cumprir ademais, que o edificio conte con informe de Avaliación e as actuacións contén con acordo da Comunidade ou comunidades de propietarios.*

As contías máximas das axudas serán:

- *Do 35% do custe subvencionable da actuación.*
- *Axuda unitaria máxima de:*
 - o *11.000€ por cada vivenda obxecto de rehabilitación.*
 - o *30.000€ por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.*
 - o *2.000€ por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.*
 - o *Ao anterior, se lle engadirá, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo que duren as obras e até un máximo de 3 anos.*
 - o *Até 500€ por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para o custe dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.*

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de tres anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

No Acordo da Comisión Bilateral fixaranse as anualidades correspondentes á aportación do Ministerio de Fomento, até un máximo de tres, sin superar o exercizo 2016. O Ministerio de Fomento transferirá á Comunidade Autónoma ou Cidades de Ceuta ou Melilla o importe da subvención na forma e prazos previstos en dito Acordo de Comisión Bilateral e, en todo caso, conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Xeral Presupostaria.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos seus artigos 10 e 11 o procedemento para a sinatura e financiación de actuación de fomento da rehabilitación.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Convenio recolle a posibilidade de incorporar ao Plan Estatal 2013-2016 áreas de rehabilitación integral e áreas de renovación urbana acollidas a plans estatais anteriores.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, recolle no seu artigo 3 a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana.

O acordo específico que se asine posibilitará que o respectivo concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

As actuacións subvencionables son:

Execución de obras en edificios e vivendas, no medio urbano, de demolición e edificación de vivendas de nova construción, segundo o previsto no artigo 26.1.a), b) e c), respectivamente, do RD 233/2013.

Realoxo temporal de ocupantes legais e mantemento de equipos técnicos e oficiñas de información e xestión segundo o previsto no artigo 26.2.a) e b) do RD 233/2013.

No ámbito de actuación, polo menos o 60% da edificabilidade sobre rasante deberá ter como destino o uso residencial de vivenda habitual.

O ámbito deberá de cumprir o previsto no artigo 27.1.a) do RD 233/2013.

Os edificios de vivendas incluídos no ámbito deberán contar co correspondente informe de avaliación segundo o establecido na DT1ª 1.b) da Lei 8/2013.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa reguladora recollida no artigo 15.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artículo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIÓN NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO PLAN ESTATAL 2013-2016

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a incorporación das actuacións correspondentes nas anualidades 2015 e 2016 para o seu financiamento con cargo ao Plan Estatal 2013-2016.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar a participación no Plan Estatal 2013-2016, de actuacións incluídas na delimitación da Declaración de Área de Rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello de data 29/09/1997, tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria programa que se xunta para solicitar a participación da Área de Rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello para obter financiamento do Plan Estatal 2013-2016 nun total de 60 actuacións.

TERCEIRO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para a financiación das actuacións de rehabilitación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área.

CUARTO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Xunta de Galicia para que o Concello de Vigo actúe como entidade xestora das actuacións logo da sinatura dos acordos correspondentes.

QUINTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite as actuacións indicadas para o ámbito declarado ARI do Casco Vello de Vigo e para asinar ditos acordos.

SEXTO.- Compromiso do concello para manter a oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes para a xestión e impulso das actuacións de rehabilitación no ámbito.

SETIMO.- Remitir ao IGVS a certificación do acordo dos anteriores apartados xunto coa memoria explicativa da ARI Casco Vello de Vigo para as anualidades 2015-2016 para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación correspondente."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10/04/15, acorda elevar este expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe do 08/04/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU.

10(429).- PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO PLAN ESTATAL 2013-2016 DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE BOUZAS EN VIGO. EXPTE. 1464/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 08/04/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU, conformado pola xefa do servizo de Rehabilitación, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

"Como parte do procedemento de incorporación das Áreas de Rehabilitación ao financiamento do estado do Plan Estatal 2013-2016, e da Orde do 9 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación urbana do Real Decreto 233/2013 do 5 de abril polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, emítese o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

En setembro de 2002 apróbase definitivamente o Plan especial de Protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas,

En data 25 de marzo de 2003 o Casco Histórico de Bouzas en Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación” pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2004 ata a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Aos efectos de conseguir a financiación cualificada específica prevista do Plan 2009-2012, redactouse a Memoria-Programa dos obxectivos 2011 no ano 2012 na que se incluían actuacións de vivendas e outras complementarias de urbanización e reurbanización. Para as 11 actuacións pendentes de remate, por indicación do IGVS, apróbase e remítese, en novembro de 2014, desde o Concello de Vigo á solicitude de incorporación no novo Plan Estatal 2013-2016.

Estas actuacións contaban con cualificación provisional de data 14.02.2013, nas cualificacións especificase “un prazo de execución das actuacións: ANUALIDADE 2015”. Estas actuacións estarán recollidas no convenio asinado o 14/03/2015 entre os tres organismos públicos.

En data 17 de marzo de 2015, publícase a Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 na que se da un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana xunto cunha determinada de acordo co previsto no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación no ámbito da CA de Galicia.

Para incluír neste programa, o Concello de Vigo redacta unha memoria coa proposta de incorporación de 20 actuacións, unha actuación de urbanización e as actuacións correspondentes de xestión para a incorporación ao financiamento do Plan Estatal 2013-2016 e a súa tramitación.

Históricos

O casco histórico de Bouzas, nace como unha estación non permanente da actividade pesqueira, lugar elixido polos pescadores para construír uns alpendres donde albergarse na boca da ría, consolidase coma asentamento estable no século XII. Bouzas evolucionou en permanente competencia con Vigo conseguindo o privilexio de carga e descarga da sal e salazón de pescado con alfolí propio.

Foi adxudicada á Mitra de Tui en 1371 e obtivo a condición de concello propio dende o século XVI, recibindo en 1778 do rei Carlos III o título de “villa”.

En 1843 o municipio de Bouzas tiña 12 km² de territorio. As actividades na villa eran as de construción de buques menores, fabricación de hilados, salazón de sardiñas e outros oficios.

No ano 1904 e mediante un decreto publicado na Gaceta Oficial foi anexionada definitivamente ao Concello de Vigo.

O seu carácter histórico contrasta coa súa degradación física e a progresiva perda dos valores mariñeiros, coa integración na cidade de Vigo coma un barrio mais.

A desaparición das súas actividades económicas tradicionais, a hiperespecialización en actividades portuarias a gran escala e a formación de grande actuacións urbanísticas de reforma interior no seu entorno.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado e coincidente coa delimitación xa reflectida no PEPRI de Bouzas, conta con Declaración de “Área de rehabilitación Integral” dende o 22 de marzo de 2003.

O ámbito inclúe unha superficie total de 13,89 Ha, e afecta a un número total de 500 vivendas.

O concello de Vigo aprobou o PEPRI de Bouzas en setembro de 2002 xa que considerou importante a rehabilitación deste barrio para a súa incorporación á cidade de Vigo recuperando e potenciando a súa identidade.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2004 ata actualidade asináronse 8 acordos de diferentes Plans de Vivenda para conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación Integral de Bouzas.

Como consecuencia destes acordos, a día de hoxe contabilizamos 257 actuacións rematadas nesta A.R.I. e 11 en execución.

Dende o ano 2004 até a actualidade asináronse 8 acordos de diferentes Plans de Vivenda para conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Bouzas e un último acordo para incorporación das actuacións pendentes de remate na fase 8 ao Plan Estatal 2013-2016.

As actuacións de Obxectivos 2011 incorporados ao Plan Estatal 2013-2016, son 11 actuacións con finalización prevista nesta anualidade 2015, e unha urbanización con finalización prevista en outubro do ano 2016.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

O Concello de Vigo ten implantada unha ordenanza municipal para a inspección das edificacións para que se manteñan coas debidas condicións de seguridade estrutural, construtiva que se adapta, trala última modificación da súa normativa, ás especificacións do Plan Estatal 2013-2016 e a Lei de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de xullo, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Xeral por non pertencer a ningunha das categorías consideradas como conxunto histórico ou rural. Neste caso, o ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas, cumprindo esta determinación e conta cun plan especial de protección con máis de 50 actuacións.

4. PLAN ESTATAL 2013-2016

O Plan Estatal 2013-2016, aprobado por RD 233/2013, do 13 de febreiro, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas para o período 2013-2016.

O RD 233/2013 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán as Administracións públicas, os propietarios de vivendas, os propietarios únicos de edificios e vivendas, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Ambito delimitado e declarado por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo, de alo menos 100 vivendas, con excepcións.
- Alo menos un 60% da edificabilidade sobre a rasante deberá destinarse a uso residencial de vivenda habitual.
- Aprobación do instrumento urbanístico e de execución e equidistribución.
- Os edificios e vivendas deberán cumprir ademais, que o edificio conte con informe de Avaliación e as actuacións contén con acordo da Comunidade ou comunidades de propietarios.

As contías máximas das axudas serán:

- Do 35% do custe subvencionable da actuación.
- Axuda unitaria máxima de:
 - 11.000€ por cada vivenda obxecto de rehabilitación.
 - 30.000€ por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.
 - 2.000€ por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.
 - Ao anterior, se lle engadirá, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo que duren as obras e até un máximo de 3 anos.

- *Até 500€ por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para o custe dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.*

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de tres anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

No Acordo da Comisión Bilateral fixaranse as anualidades correspondentes á aportación do Ministerio de Fomento, até un máximo de tres, sin superar o exercizo 2016. O Ministerio de Fomento transferirá á Comunidade Autónoma ou Cidades de Ceuta ou Melilla o importe da subvención na forma e prazos previstos en dito Acordo de Comisión Bilateral e, en todo caso, conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Xeral Presupostaria.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos seus artigos 10 e 11 o procedemento para a sinatura e financiación de actuación de fomento da rehabilitación.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Convenio recolle a posibilidade de incorporar ao Plan Estatal 2013-2016 áreas de rehabilitación integral e áreas de renovación urbana acollidas a plans estatais anteriores.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, recolle no seu artigo 3 a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana.

O acordo específico que se asine posibilitará que o respectivo concello actúe como órgano xector das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

As actuacións subvencionables son:

Execución de obras en edificios e vivendas, no medio urbano, de demolición e edificación de vivendas de nova construción, segundo o previsto no artigo 26.1.a), b) e c), respectivamente, do RD 233/2013.

Realoxo temporal de ocupantes legais e mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión segundo o previsto no artigo 26.2.a) e b) do RD 233/2013.

No ámbito de actuación, polo menos o 60% da edificabilidade sobre rasante deberá ter como destino o uso residencial de vivenda habitual.

O ámbito deberá de cumprir o previsto no artigo 27.1.a) do RD 233/2013.

Os edificios de vivendas incluídos no ámbito deberán contar co correspondente informe de avaliación segundo o establecido na DT1ª 1.b) da Lei 8/2013.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa reguladora recollida no artigo 15.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIÓN NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO PLAN ESTATAL 2013-2016

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a incorporación das actuacións correspondentes nas anualidades 2015 e 2016 para o seu financiamento con cargo ao Plan Estatal 2013-2016.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar a participación no Plan Estatal 2013-2016, de actuacións incluídas na delimitación da Declaración de Área de Rehabilitación Integral do Barrio Histórico de Bouzas de data 25/03/2003, tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria programa que se xunta para solicitar a participación da Área de Rehabilitación coa condición de Xeral do Barrio Histórico de Bouzas para obter financiamento do Plan Estatal 2013-2016 nun total de 20 actuacións.

TERCEIRO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para a financiación das actuacións de rehabilitación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área.

CUARTO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Xunta de Galicia para que o Concello de Vigo actúe como entidade xestora das actuacións logo da sinatura dos acordos correspondentes.

QUINTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite as actuacións indicadas para o ámbito declarado ARIX de Bouzas en Vigo e para asinar ditos acordos.

SEXTO.- Compromiso do concello para manter a oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes para a xestión e impulso das actuacións de rehabilitación no ámbito.

SETIMO.- Remitir ao IGVS a certificación do acordo dos anteriores apartados xunto coa memoria explicativa da ARIX do Barrio Histórico de Bouzas en Vigo para as anualidades 2015-2016 para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación correspondente.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10/04/15, acorda elevar este expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe do 08/04/15, da directora da Oficina de Rehabilitación da XMU.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.